

Regulamento para a solicitude de xornada única

Orde do 13 de abril de 1993 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá nos centros de educación infantil, educación primaria e educación xeral básica

A Resolución do 8 de xullo de 1988, da Dirección Xeral de Educación Básica estableceu, no seu apartado IV, a posibilidade de autorizar, con carácter experimental, a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá en centros de preescolar e EXB, de acordo con determinadas condicións.

O mesmo tempo, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria subscribiu un convenio coa Universidade de Santiago de Compostela, co fin de que, a través do ICE, se realizase o estudio e avaliación da devandita modalidade de xornada escolar.

Rematado o informe de avaliación por parte do Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela no ano 1992 e, á vista del, considerando a inexistencia de diferencias significativas en función do tipo de xornada escolar desde as perspectivas psico-pedagóxica, médico-sanitaria e pedagóxico-organizativa; considerando, por outra banda, que a incidencia positiva ou negativa dun ou outro tipo de xornada está condicionada polo contexto no que esta se desenvolve.

Vistos igualmente os informes dos servicios de Inspección Educativa e tendo en conta a existencia dunha demanda por parte dalgúns centros escolares da Comunidade Autónoma para que se lles autorice o cambio do tipo de xornada lectiva, parece procedente establecer un procedemento que sirva de canle para que aquelas comunidades educativas así o desexen poidan solicita-la oportuna autorización da implantación da xornada lectiva en sesión única da mañá no marco dun proxecto educativo contextualizado no contorno e de acordo cos requisitos que se establecen, orientados a garanti-lo amplo consenso da comunidade educativa por unha banda e o desenvolvemento integral do alumno por outra, sen que tal medida supoña incremento do gasto público na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

En consecuencia, oído o Consello Escolar de Galicia,
DISPOÑO:

1º Os centros de educación infantil, educación primaria e educación xeral básica poderán solicita-la autorización da implantación da xornada lectiva en sesión única da mañá, sempre que reúnan as seguintes condicións, que serán preceptivas para a concesión da autorización.

Modificada 1ª por orde do 28 xaneiro do 1999 (DOG 27 Xaniro)

Modificada 2ª por orde do 18 xuño do 2002 (DOG 02 Xullo)

a) Acordo favorable do Consello Escolar, por maioría dos dous tercios dos seus compoñentes.

b) Acordo favorable do claustro de profesores, por maioría de dous tercios dos seus integrantes.

1 de 7

c) Acordo favorable dos dous tercios do total do censo dos pais ou titores dos alumnos. Para os efectos de establece-lo total do censo computarase unicamente o pai ou a nai ou un dos titores.

2º Os centros interesados en implantar este tipo de xornada lectiva deberán dirixir, a través da dirección, do centro, no mes de febreiro, unha solicitude ó delegado provincial

da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na que se farán constar, de forma explícita, os seguintes extremos:

- Denominación do centro.
- Enderezo.
- Niveis educativos que nel se imparten.
- Número de alumnos escolarizados.
- Número de alumnos transportados, se é o caso.
- Número de alumnas comensais, se é o caso.
- Horario que se propón, sen que de ningún xeito se poida reduci-lo número de horas lectivas establecidas.

3º Os centros xuntarán xunto coa solicitude:

a) Proxecto pedagóxico-didáctico, elaborado polo claustro de profesores no que, canda menos, se recollan de xeito explícito os seguintes aspectos:

- Obxectivos que deberá acadar-lo centro coa xornada lectiva solicitada. -
- Organización do centro, de acordo co novo tipo de xornada: agrupamento do alumnado, organización do profesorado por departamentos e equipos, tempos de recreo, tempos de reunións do profesorado e dedicación destes polas tardes ó centro, servicios de transporte e comedor, se é o caso. Nos centros que contén con comedor escolar este debe seguir a funcionar nas mesmas condicións nas que viña funcionando na xornada ordinaria, agás no horario.

Independentemente da participación ou non do profesorado na organización e desenvolvemento das actividades extraescolares, organizaranse polas tardes os tempos dos profesores de xeito que se garanta a coordinación do profesorado a través de departamentos e equipos, a relación cos pais dos alumnos, o funcionamento da biblioteca do centro e o seguimento do axuste do desenvolvemento das actividades extraescolares ó plan incluído no proxecto pedagóxico-didáctico. En todo caso garantirase a presenza polas tardes de profesorado que ostentará a representación oficial do centro.

-Relación cos pais e acción de tutoría, explicitando as canles a través das que se prevé o seu desenvolvemento.

-Plan de actividades extraescolares que se desenvolverán pola tarde e modo de colaborar nelas das asociacións de pais de alumnos, outras institucións e organismos e profesorado, se é o caso, sinalado o órgano responsable da organización e financiamento de cada actividade, así como a participación económica dos alumnos, si existe.

Sen prexuízo do anterior, os centros deberán incluír na programación xeral anual saídas escolares e excursións culturais, segundo o establecido no apartado X do anexo á Orde do 15 de xullo de 1991.

2 de 7

b) Actas das votacións levadas a cabo en cada un dos sectores sinalados no punto 1º da presente orde.

4º Coa finalidade de garanti-lo máximo coñecemento proxecto pedagóxico-didáctico por parte dos distintos sectores da comunidade educativa e moi especialmente polos pais dos alumnos, os centros organizarán unha fase de información e debate sobre o devandito proxecto cun mes de antelación, polo menos, á celebración das votacións en cada un dos órganos e sectores.

5º As votacións correspondentes ó Consello Escolar e ó claustro de profesores celebraranse en sesións extraordinarias convocadas para o efecto con esa única finalidade.

Desenvolveranse en cada caso diante dunha mesa composta polo director do centro como presidente e dous membros do órgano correspondente designados por sorteo no mesmo acto.

A votación para o sector dos pais de alumnos farase diante dunha mesa constituída para o efecto e composta polo director do centro, que será o seu presidente, e catro pais ou titores legais, designados por sorteo público, actuando como secretario o de menor idade. En previsión de posibles ausencias, no sorteo designaranse titulares e suplentes.

O censo electoral deberá expoñerse no taboleiro de anuncios do centro con 10 días, polo menos, de anticipación á data fixada para o acto electoral, para a comprobación e posible reclamación por parte dos pais ou titores legais dos alumnos.

O voto será, en tódolos casos, directo, secreto e non delegable. No sector dos pais poderán votar o pai ou a nai ou, se é o caso, un dos titores legais.

6º Á vista da documentación presentada, o Servizo de Inspección comprobará o cumprimento das condicións sinaladas no punto 1º da presente orde e emitirá informe sobre o proxecto pedagóxico—didáctico previsto no punto 3º

Pola súa banda, o Servizo de Transportes de cada delegación elaborará un informe referido á viabilidade ou non do horario proposto polo centro solicitante, en relación co servizo de transporte escolar, así como o feito de que tal modificación horaria non supón incremento do custo tanto a nivel de transporte como de comedor escolar.

7º O delegado provincial, á vista dos informes sinalados, e doutros que puidese solicitar, proporalle á Dirección Xeral de Educación Básica a resolución que proceda, á vez que traslada o expediente completo de cada centro solicitante.

8º A Dirección Xeral de Educación Básica adoptará as resolucións pertinentes. As autorizacións concederanse polo período dun curso escolar, prorrogable curso a curso por outros dous, en función do seguimento realizado polo Servizo de inspección do desenvolvemento do proxecto pedagóxico-didáctico e da memoria presentada polo centro, e acordo co establecido no apartado II do anexo á Orde do 15 de xullo de 1991.

3 de 7

9º A prórroga de autorización solicitaráase a dirección do centro, a través da delegación provincial na primeira semana de febreiro de cada ano, acompañada da acta do Concello Escolar na que se manifeste o acordo favorable á devandita prórroga da maioría dos dous tercios dos seus compoñentes.

10º Os centros ós que se lles autoricen as dúas prórrogas establecidas no punto anterior, de desexar continuar con esta modalidade de xornada, deberán axustarse á totalidade do procedemento establecido na presente orde.

Modificada 1ª- por orde do 28 xaneiro do 1999 (DOG 27 Xanero)

Modificada 2ª- por orde do 18 xuño do 2002 (DOG 02 Xullo)

11º Poderase revogar a autorización en calquera momento do curso, por proposta da delegación provincial e logo de audiencia do Consello Escolar do centro, cando no seguimento realizado polo Servizo de Inspección se comprobe o incumprimento grave do proxecto pedagóxico-didáctico que serviu de base á autorización.

12º Os centros ós que non se lles autorice a prórroga solicitada ou ós que se lles revogue a autorización: concedida pasarán a desenvolver a xornada ordinaria.

Disposición transitoria -

Primera—O prazo de presentación de solicitudes para o curso 1993-1994 será antes do 20 de xuño de 1993, debendo desenvolver, polo menos con un mes de antelación ás votacións, as fases de información e debate do proxecto pedagógico-didáctico.

Segunda—Os centros que na actualidade están a desenvolver-la xornada lectiva en sesión única de mañá deberán solicita-la autorización para o curso 1993-1994, de estaren interesados, no prazo indicado na disposición transitoria anterior e segundo o procedemento establecido na presente orde

Disposición derogatoria

Queda derogado o apartado 5.2 do anexo á Orde do 15 de xullo de 1991.

Disposicións derradeiras

Primeira.—Autorízase a Dirección Xeral de Educación Básica a dicta-las disposicións oportunas en desenvolvemento desta orde.

Segunda.—A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diado Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 13 de abril de 1993.

Juan Piñeiro Permuy

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

4 de 7

Modificación 1ª- por orde do 28 xaneiro do 1999 (DOG 27 Xaniro)

Orde do 25 de xaneiro de 1999 pola que se amplía a Orde do 13 de abril de 1993, pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá nos centros de educación infantil, educación primaria e educación xeral básica.

Diario Oficial de Galicia mércores, 27 de xaneiro de 1999

A regulación do procedemento para a implantación da xornada lectiva única nos centros de educación infantil, primaria e xeral básica, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, vén establecida na Orde do 13 de abril de 1993, DOG do 23 de abril, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Aprobada a implantación dos centros públicos integrados dentro da organización educativa desta comunidade, mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia do 7 de xaneiro de 1999, como aqueles centros docentes nos que se impartan dúas ou máis ensinanzas non universitarias, e tendo en conta que estes centros no momento da súa posta en funcionamento escolarizan, fundamentalmente, alumnos dos niveis educativos de infantil, primaria e secundaria obrigatoria, estímase oportuno e conveniente que, provisoriamente, e en tanto non se remata a implantación do ensino secundario obrigatorio, a regulación do procedemento para autoriza-la xornada lectiva única dos centros públicos integrados sexa a establecida na citada Orde do 13 de abril de 1993. En consecuencia, esta consellería, en virtude do previsto no artigo 1 do Decreto 213/1998, do 10 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, DISPÓN: Artigo único. Ampliase o contido da Orde do 13 de abril de 1993, pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá nos centros de educación infantil, educación primaria e educación xeral básica, na seguinte forma: 1. Introdúceselle unha disposición adicional primeira, do teor seguinte: o disposto nesta orde seralles de aplicación ós centros públicos integrados. 2. Engádeselle unha disposición transitoria terceira, co seguinte texto: os centros que actualmente veñan desenvolvendo a súa actividade docente en réxime de xornada única e esgoten as prórrogas previstas nesta orde, poderán solicitar

unha prórroga máis. Disposición derradeira única A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia. Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 1999. P.D. (Orde 21-6-1996) Máximo García Serrano

5 de 7

Secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Modificación 2ª- por orde do 18 xuño do 2002 (DOG 02 Xullo)

Orde do 18 de xuño de 2002 pola que se modifica a do 13 de abril de 1993 (Diario Oficial de Galicia do 23) que establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá nos centros de educación infantil, educación primaria e educación xeral básica.

Diario Oficial de Galicia martes, 2 de xullo de 2002 I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Por Orde do 13 de abril de 1993, DOG do 23, regulouse o procedemento para a implantación da xornada lectiva única nos centros de educación infantil, primaria e xeral básica, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Posteriormente, ese procedemento de autorización ampliouse ós centros públicos integrados, mediante a Orde do 25 de xaneiro de 1999, DOG do 27. Dada a experiencia adquirida, e co obxecto de racionaliza-lo procedemento de solicitude da autorización administrativa para implanta-la xornada lectiva en sesión única de mañá, parece máis oportuno e eficaz que os centros docentes, con carácter previo ás demais actuacións, obteñan a conformidade inicial da autoridade administrativa competente nesta materia. Situación que implica a inversión dos trámites necesarios para obte-la autorización correspondente da Administración educativa, e que conduce á necesidade de modifica-lo punto 1º da Orde do 13 de abril de 1993. En consecuencia, esta consellería, en virtude do previsto no artigo 1 do Decreto 213/1998, do 10 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, DISPÓN: Artigo único.-Modifícase o punto 1º da Orde do 13 de abril de 1993, DOG do 23, pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá nos centros de educación infantil, educación primaria e educación xeral básica, que queda redactado co seguinte texto: 1. Os centros de educación infantil, de primaria e os centros públicos integrados poderán solicita-la autorización da implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá, sempre que reúnan as seguintes condicións, que serán preceptivas para a concesión da autorización: a) Inicialmente, de conformidade expresa da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sobre os termos que figuran no parágrafo segundo do punto 6º da

6 de 7

Orde do 13 de abril de 1993, logo da oportuna solicitude do centro cos requisitos que se expresan nos puntos 2º e 3º da mesma disposición, e dos acordos favorables do claustro de profesores e do consello escolar do centro, adoptados polos dous tercios dos seus integrantes, respectivamente. b) Posteriormente, acordo favorable dos dous tercios do total do censo de pais ou titores legais dos alumnos. Para efectos deste censo, e votación, computarase unicamente un só membro. Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2002. Celso Currás Fernández Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

